



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 2º BACHARELATO

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

LENDA APLICABLE AO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1. Aqueles estándares *básicos*, dado o seu carácter fundamental para superar a materia.
2. Aqueles estándares que o alumnado debe *controlar con soltura*, pero que non teñen carácter fundamental para o dominio da materia.
3. Aqueles estándares de *nivel máis alto*, que o alumnado non ten que dominar obrigatoriamente.

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar	
LCL2B1.1.1. Recoñece as formas de organización do contido nunha argumentación oral, analizando os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor e valorándoos en función dos elementos da situación comunicativa.	3
LCL2B1.1.2. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes en textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os aspectos formais e expresivos coa intención do emisor, o xénero textual e o resto dos elementos da situación comunicativa.	3
LCL2B1.2.1. Sintetiza por escrito o contido de textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, discriminando a información relevante.	2
LCL2B1.3.1. Interpreta diversos anuncios sonoros e audiovisuais, identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias.	3
LCL2B1.4.1. Planifica, realiza e avalía presentacións educativas orais de forma individual ou en grupo sobre un tema polémico de carácter educativo ou da actualidade social, científica ou cultural, analizando posturas enfrontadas e defendendo unha opinión propia mediante argumentos convincentes.	3
LCL2B1.4.2. Compila información e apoios audiovisuais ou gráficos, consultando fontes de información diversa e utilizando correctamente os procedementos de cita.	3
LCL2B1.4.3. Clasifica e estrutura a información obtida, elaborando un guión da presentación.	2
LCL2B1.4.4. Exprésase oralmente con claridade, precisión e corrección, axustando a súa actuación verbal e non verbal ás condicións da situación comunicativa, e utilizando os recursos expresivos propios do rexistro formal.	1
LCL2B1.4.5. Avalía as súas presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detectando as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma.	3
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir	
LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal.	1
LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais e as secundarias.	1
LCL2B2.1.3. Analiza a estrutura de textos expositivos e argumentativos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os tipos de conectores e organizadores da información textual.	2
LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado á intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para melloralas.	1

LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita.	1
LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, xénero textual, etc), empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos.	1
LCL2B2.2.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, recorrendo a obras de consulta tanto impresas como dixitais para a súa corrección, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.	3
LCL2B2.3.1. Realiza traballos educativos individuais e en grupo sobre un tema controvertido do currículo ou da actualidade social, cultural ou científica, planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, contrastando posturas enfrontadas, e organizando e defendendo unha opinión propia mediante distintos tipos de argumentos.	3
LCL2B2.3.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.	3
LCL2B2.3.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía...	2
LCL2B2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais presentes nun texto expositivo ou argumentativo procedente dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, utilizando a terminoloxía gramatical adecuada e pondo de manifesto a súa relación coa intención comunicativa do emisor e cos trazos propios do xénero textual.	2
LCL2B2.4.2. Recoñece, describe e utiliza os recursos gramaticais (substitución pronominal, uso reiterado de determinadas estruturas sintácticas, correlación temporal, etc.) e léxico-semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos e hiperónimos, reiteracións léxicas, etc.) que proporcionan cohesión aos textos escritos.	1
LCL2B2.4.3. Recoñece e explica os procedementos de cita (estilo directo, indirecto ou indirecto libre, e cita encuberta) presentes en textos expositivos e argumentativos, así como a súa función no texto.	1
Bloque 3. Coñecemento da lingua	
LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado.	1
LCL2B3.1.2. Recoñece e explica a procedencia grecolatina de grande parte do léxico español e valora o seu coñecemento para a dedución do significado de palabras descoñecidas.	2
LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	1
LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen un uso formal e especializado da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.	1
LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras ou expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa intención comunicativa do emisor.	2
LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión textual.	1
LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.	1
LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	2
LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	3
LCL2B3.6.1. Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para afondar na comprensión do texto.	2

LCL2B3.6.2. Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	3
LCL2B3.6.3. Recoñece e explica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor no texto.	2
LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.	2
LCL2B3.6.5. Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita.	3
LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.	3
LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.	3
LCL2B3.8.1. Expressa as súas experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc., e as súas experiencias persoais en relación co novo texto, para chegar a unha mellor comprensión e interpretación deste.	3
LCL2B3.9.1. Coñece a situación actual da lingua española no mundo diferenciando os usos específicos da lingua no ámbito dixital.	3
LCL2B3.9.2. Coñece as orixes históricas do español en América e as súas principais áreas xeográficas, recoñecendo nun texto oral ou escrito algúns dos trazos característicos e valorando as súas variantes.	1
LCL2B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	3
LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	3
Bloque 4. Educación literaria	
LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.	1
LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence.	1
LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas.	2
LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativos da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	1
LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal.	1
LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema.	3

2. Criterios de cualificación (criterios para os tres posibles escenarios)

• ENSINO PRESENCIAL

A **nota de cada avaliación** calcularase do seguinte xeito:

Probas obxectivas: 90%. En xeral, faranse en cada trimestre dúas probas escritas (un parcial e un final). As porcentaxes destas probas serán 40% o parcial e 60% a proba final.

Traballo diario: 10%

Se un alumno falta a unha proba escrita, só se lle repetirá se achega un XUSTIFICANTE OFICIAL que acredite a imposibilidade de facer o exame na data fixada.

A cualificación mínima para superar cada avaliación, e a materia a final de curso, é de 5.

A nota final do curso será o promedio ponderado das tres avaliacións:

1ª AVALIACIÓN 30%

2ª AVALIACIÓN 30%

3ª AVALIACIÓN 40%

Atendendo a este criterio, un alumno/a pode ter aprobada a 3ª avaliación, pero obter unha cualificación inferior a 5 na nota final, ou sacar na 3ª avaliación unha nota superior á súa cualificación final.

Aqueles alumnos/ as que teñan suspensa a materia (a nota media final sexa inferior a 5) terán a opción de recuperar cunha proba obxectiva global en maio. O exame cualificarase sobre 10 puntos, no cal a nota mínima de valoración positiva será o 5.

Convocatoria extraordinaria: Os alumnos/ as que non alcancen a avaliación positiva na convocatoria ordinaria, aínda que teñan partes aprobadas, deberán presentarse a unha proba obxectiva extraordinaria no mes de xuño, cuxo contido será o do curso. A proba obxectiva extraordinaria será un único exame sobre 10 puntos, no cal a nota mínima de valoración positiva será o 5.

Tamén se poderá pedir a entrega dalgún traballo ou tarefa.

No **período abrangido entre a avaliación final e a extraordinaria** realizaranse actividades de apoio e reforzo.

Tamén se poderán levar a cabo actividades de ampliación.

Expresión e cuestións formais

Na cualificación dos exames, así como de calquera traballo escrito teranse en conta a corrección formal e a destreza do alumnado no uso escrito da lingua.

Así, poderase descontar da cualificación global ata un máximo de 2 puntos por erros relacionados cos seguintes aspectos: carencias graves no que se refire a unha presentación correcta; emprego de rexistros coloquiais ou vulgares; carencias en canto ao ordenamento lóxico da información ou á estruturación dos parágrafos; erros graves de puntuación ou de uso dos conectores; erros no uso das normas ortográficas, así como erros gráficos: non respectar as marxes no texto, facer uso excesivo de tachones e tipex, non realizar un interlineado adecuado, etc.

Deste xeito, os erros compútanse segundo diferentes niveis de gravidade:

- Descontarase 0,1 puntos por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico e 0,1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou sobran).

- A falta de marxes, limpeza, estruturación, así como outras faltas arriba mencionadas penalizarase con 0,25 puntos.

● **ENSINO SEMIPRESENCIAL (Motivado pola Covid)**

Os criterios de cualificación e os instrumentos de avaliación manteríanse, reservando o período de ensino telemático exclusivamente para realizar diversas tarefas e / ou traballos (avaliables ao mesmo nivel que os realizados presencialmente) que cada profesor estipule, explicación dalgúns contidos, envío e corrección de actividades. Para realizar as probas obxectivas esperarase á reincorporación ao ensino presencial.

En todo caso, cando un profesor/para considere que as probas ou traballos que se fagan de forma non presencial necesiten dunha verificación de autoría, poderá solicitar a realización dunha defensa oral que demostre a mesma e a asimilación dos contidos.

● **ENSINO A DISTANCIA (Motivado pola Covid)**

No caso de que as autoridades sanitarias decidan a suspensión da actividade presencial por un tempo prolongado ou que, sen selo, imposibilite a realización presencial das probas correspondentes a cada unha das avaliacións, co fin de outorgar en cada curso unhas cualificacións da materia coa maior obxectividade posible, o profesorado poderá deseñar probas telemáticas ou substituílas por tarefas e/ ou traballos en función de cada curso e da situación de excepcionalidade vixente.

Estas probas ou tarefas desenvolveranse no formato establecido polo profesor/a e o alumnado será informado previamente das súas características.

Se as actividades / traballos que presente o alumnado non son de autoría propia serán cualificados cun 0.

Da mesma maneira, cando un profesor/para considere que as probas ou traballos que se fagan de forma non presencial necesiten dunha verificación de autoría, poderá solicitar a realización dunha defensa oral que demostre a mesma e a asimilación dos contidos.

O alumnado será avaliado na fase non presencial mediante a elaboración de traballos escritos ou orais, probas ou cuestionarios e realización de tarefas indicadas polo profesorado. Estas poden ser de distinto tipo, atendendo ás posibilidades que nos ofrecen as aulas virtuais. O profesorado recollerá de forma sistemática a información dos traballos entregados polo alumno e revisará se as entregas realízanse dentro dos prazos establecidos e a calidade dos mesmos. Se, atendendo ás particularidades da situación, se imparten clases por videoconferencia, pódese ter en conta a participación do alumnado nelas ou nos chats e foros que se habiliten, do mesmo xeito que se valora a participación e o traballo diario nas clases presenciais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO ENSINO A DISTANCIA:

NOTA DA AVALIACIÓN :

A) Se a materia impartida e examinada de forma presencial é igual ou superior ás 50%

- Probas e traballo presencial: 80% (seguindo os criterios da programación ordinaria)

-Tareas, traballos, probas telemáticas non presenciais: 20%

B) Se a materia impartida e examinada de forma presencial é inferior ás 50%

- Probas e traballo presencial: 70% (seguindo os criterios da programación ordinaria)

- Tareas, traballos, probas telemáticas non presenciais: 30%

NOTA FINAL: En caso de obter unha cualificación negativa na materia, o alumnado poderá realizar unha proba de recuperación que se desenvolverá segundo o formato e os criterios establecidos polo profesor/a.

Para recuperar, o cálculo será o seguinte:

Nota presencial: 50%

Tareas/probas individuais de recuperación: 50%

Este alumnado terá que realizar tarefas específicas que consistirán en actividades e probas en liña. Da súa correcta realización e entrega dependerá parte da nota de recuperación. A simple entrega non garante a puntuación do devandito traballo. A falta de orixinalidade suporá a anulación do mesmo e a súa puntuación será 0.

Tamén formarán parte deste grupo aqueles alumnos/ as que, por motivos de enfermidade, non puideron realizar algunha proba importante nalgunha avaliación.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: A proba e/ou actividades contarán un 100% da nota, polo que será necesario sacar un 5 para poder superar a materia. A falta de orixinalidade ou copia suporá a anulación do mesmo e a súa puntuación será 0.

- **ALUMNADO EN CORENTENA**

Durante este curso pode ser frecuente que haxa alumnado que, aínda atopándose ben fisicamente, non poida asistir a clase durante algúns días/semanas por estar en corentena.

Nestes casos, o sistema que se seguirá será o seguinte: O profesor/para comunicará ao alumno/a e/ou ás súas familias, a través das canles de comunicación habituais (aulas virtuais Moodle, correo electrónico ou Abalar) as tarefas que se están levando a cabo nas clases presenciais, e será a súa responsabilidade realizalas durante o seu período de corentena e remitilas ao profesor/a de a forma que este lle indique.

As probas obxectivas que se realicen durante ese período realizaraas presencialmente no momento da súa incorporación ao instituto, o primeiro día ou, como moi tarde, ao día seguinte. Se se dá o caso de que non fose posible realizalas presencialmente dentro da avaliación, o alumno/a realizaría unha proba telemática, seguindo as instrucións do seu profesor/a.

Os criterios de cualificación manteríanse, dado que se segue considerando que este alumnado está escolarizado no ensino presencial.

Cando un profesor/a considere que as probas ou traballos que se fagan de forma non presencial necesiten dunha verificación de autoría, poderá solicitar a realización dunha defensa oral que demostre a mesma e a asimilación dos contidos.

Isto mesmo aplicarase a todo tipo de ausencias nas que o alumnado non estea imposibilitado para poder seguir traballando dende a casa.